

Hoxe é un día grande para TRAVIBUS NOROESTE.

Porque o que é bo para TRAVIBUS tamén o é para Galicia e para a súa lingua.

O transporte público en Galicia sempre foi un medio de comunicación, que vertebrou e socializou ao País. As xentes das nosas aldeas procuraban na “liña” a maneira máis eficaz de trasladarensen a varios quilómetros de distancia. Sobre todo para iren ás feiras. Arrepachingados nos seus asentos púñanse ao día do acontecer noutras parroquias polos parladoiros con outros viaxeiros orixinarios delas. Nos coches da liña, que aínda non tiñan receptor de radio que achourilasen ou ouvidos dos pasaxeiros, eran lugares para demoradas conversas sobre os sucesos, vidas e milagres.

Daquela había autobuses mixtos: unha metade para viaxeiros e outra para o gando.

Don Ramón Otero Pedrayo, asiduo do transporte público adoitaba facerlle aos seus acompañantes o relato da paisaxe que se ía sucedendo, como se tratara dunha secuencia cinematográfica. Mágoa que non houbera daquela autofalantes para que os demais viaxeiros poidesen coñecer o País a través da súa palabra, sempre erudita.

Hoxe a modernización do transporte público é unha necesidade perentoria. Temos que ser competitivos para ofrecermos servizos eficaces e cómodos. A Lei 5/2009, do 2 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do transporte público de Galicia obríganos a mellorar a frota e os equipamentos, reducir a idade máxima dos vehículos, e a antigüidade media máxima da frota.

TRAVIBUS NOROESTE, S.A., que é unha agrupación de empresas da provincia de Pontevedra está comprometida co reto da modernidade e da mellora dos seus servizos, así como na incardinación dos mesmo coa sociedade. Un servizo público que lle resulte familiar e próximo ao usuario sempre será mellor valorado que aqueloutro afastado e descoñecedor da nosa singularidade.

Nós queremos que a nosa frota de autobuses cubra traxectos unindo pobos e creando relacións humanas. De aí que esteamos interesados no afortalamiento das relacións cordiais cos usuarios das nosas liñas a través dos nosos traballadores. Queremos facer das viaxes, de medio, curto ou longo percorrido, parladoiros afables expresados na nosa lingua.

Desde hai un tempo para acá vimos participando activamente nas convocatorias do Foro Peinador nas que nos atopamos con outros empresarios ilusionados na nobre tarefa de galeguizar a industria galega. O coñecemento que hoxe temos do Foro Peinador fai que nos sintamos cómodos nesta plataforma de reencontro entre a empresa e a cultura galega.

Asumimos o idiaro do Foro Peinador, filosofía, programa e métodos de traballo. Nas súas reunións, periódicas e plurais, reina a cordialidade e a ilusión

colectiva por devolverlle os espazos perdidos á lingua galega.

Para nós foi un achado importante esta plataforma. Grazas a ela soubemos que en Galicia houbo empresarios que conxugaron o éxito empresarial e o galeguismo. Velai están Enrique Peinador, Xesús Canabal, os irmáns Fernández López, Álvaro Gil Varela, Ramón Obella Vidal, Isidro Parga Pondal, Isaac Díaz Pardo; e agora empresas tan senlleiras como R Telecomunicación exemplos de inequívoco galeguismo.

Arredor do Foro Peinador estase a crear unha constelación fabulosa de empresas que buscan no galeguismo unha maneira distinta de facer negocios: arraizadas no País e singularizadas nos mercados internacionais; porque cada vez son máis as empresas que abandonan os prexuízos culturais e lingüísticos e se embarcan na estratexia da galeguización.

TRAVIBUS NOROESTE, síntese orgullosa de presentar hoxe estas dúas iniciativas –a de poñerlles nomes aos nosos autobuses e a distribución dunha fermosa colección de relatos da paisaxe-. Este é o principio doutras moitas que irán tinguindo as nosas actividades empresariais coa incorporación da lingua galega na páxina web, billetes, nóminas, convenios colectivos,etc.

Para rematar, quero dálle as grazas en nome de tódalas empresas agrupadas en Travibus á Secretaría Xeral de Política Lingüística, representada aquí polo seu titular, don Anxo Lorenzo, polo seu apoio á nosa vontade galeguizadora.

Saiba Señor Secretario Xeral que a galeguización deste colectivo do transporte público non ten marcha atrás. Ese mecanismo só o teñen os autocares. Nós seguiremos traballando xunto co Foro Peinador noutras iniciativas, sempre gratas, satisfactorias e necesarias para a saúde da nosa cultura e lingua.

Todos queremos contar co seu apoio.

Moitas grazas.